

## **BANDO**

**D. FRANCISCO XABIER OVIEDO RODRÍGUEZ, ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE MACEDA (Ourense),**

**FAGO SABER:**

Todas aquelas persoas que actualmente NON DISPOÑAN DO TÍTULO DA ESO, 2º DE BACHERELATO OU UNHA FPI SUPERADA, así como outras relacionadas na convocatoria, deberán presentarse e superar as probas de avaliación para poder acceder ós cursos que permiten a obtención dos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3.

Nestes momentos o Concello de Maceda está realizando, en colaboración con RADIO ECA actividades formativa encamiñadas a obtención do TÍTULO DA ESO. Aproveitando esta oportunidade, existe a posibilidade de formar a todas aquelas persoas que teñan intención de examinarse nas diferentes competencias clave de nivel 2 e 3 que lles permitirá o acceso ós diferentes cursos para obtención dos distintos CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE.

*Para calquera información que precisen ó respecto poden vostedes dirixirse ó **departamento de emprego** do Concello ou ben poñerse en contacto a través do **tf: 988463001** ou **mail: [emprego@concellodemaceda.org](mailto:emprego@concellodemaceda.org)***

*Dado en Maceda a 2 de Decembro de dous mil once.*



Rúa do Toural, 2  
32700 Maceda (Ourense)

988 463 001 - fax. 988 463 163  
[www.concellodemaceda.org](http://www.concellodemaceda.org)